26/231.2313.480.02	Vilagarcía de Arousa	G94125648	ASOCIACIÓN TDAH SALNÉS	OBRADOIROS E ACTIVIDADES INTERDISCIPLINAIS TERAPÉUTICAS AO COLECTIVO TDAH	2.910,00 €



26/231.2313.480.02	Vilagarcía de Arousa	F94096021	DÁLLE QUE DÁLLE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	IMPULSA	3.674,43 €
26/231.2313.480.02	Vilagarcía de Arousa	G15859911	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	PONTE CO_EMPREGO	5.305,48 €
26/231.2313.480.02	Vilagarcía de Arousa	G36302776	FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL	PROXECTO INTERVENCIÓN FAMILIAR EN SITUACIÓNS DE RISCO	5.391,82 €
26/231.2313.480.02	Vilagarcía de Arousa	G36017929	FUNDACIÓN RESIDENCIA DIVINA PASTORA DE VILAGARCÍA DE AROUSA	PROXECTO DE PROMOCIÓ DA CALIDADE DE VIDA DOS NÓS MAIORES DENDE UNHA ATENCIÓN INTEGRAL	6.110,73 €

Cuarto.- Aprobar a relación das 14 solicitudes excluídas que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A ACTUACIÓN NO ÁMBITO SOCIAL 2026					
RELACIÓN DEFINITIVA DE ENTIDADES EXCLUÍDAS E MOTIVOS DE EXCLUSIÓN					
Aplicación	Concello	NIF	Entidade	Proxecto	Motivo
26/231.2313.480.02	Vigo	R3600388G	MISIÓN DEL SILENCIO	MELLORA DAS CONDICIÓN DE ALMACENAMIENTO DO COMEDOR SOCIAL VIRGEN DE LOURDES	Non reunir os requisitos establecidos na base quinta de gastos subvencionables.
26/231.2313.480.02	Baiona	F75415836	A CASA DAS REDES, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	BANCO DO TEMPO NIGRÁN	Non reunir os requisitos establecidos na base cuarta, entidades beneficiarias e requisitos: "Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro"
26/231.2313.480.02	Nigrán	G36774453	ASOCIACIÓN DE PAIS DO CENTRO CASTRO NAVAS	PROXECTO DE ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA	Non reunir os requisitos establecidos na base cuarta, entidades beneficiarias e requisitos: "d) Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)"



26/231.2313.480.02	Poio	G36027621	REAL CLUB NÁUTICO DE SANXENXO	MAR SIN BARRERAS	Non reunir os requisitos establecidos nas bases. Non se atendeu ao requirimento realizado o 20 de maio de 2026 onde se solicitaba a alta no RUEPSS.
26/231.2313.480.02	Sanxenxo	G70923586	CLUB SERENDIPIA	MAREAS QUE INCLÚEN	Non reunir os requisitos establecidos nas bases. Non se atendeu ao requirimento realizado o 12 de maio de 2026. A suma dos importes do orzamento do proxecto non coincide coa financiación indicada na solicitude.
26/231.2313.480.02	Vigo	G67116756	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ	IMPULSA EMPLEO 2026	Non reunir os requisitos establecidos na base cuarta: Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Seguridade Social
26/231.2313.480.02	Vigo	G36660348	ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO	ACTUACION PARA COBERTURA BASICA DE ALIMENTOS	Non reunir os requisitos establecidos nas bases. Non se atendeu ao requirimento realizado o 1 de xuño de 2026 ante as débedas presentadas con TGSS e AEAT.
26/231.2313.480.02	Pontevedra	G36624963	ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	PROGRAMA TI SI PODES. PROGRAMA SOCIOSANITARIO PARA A INTERVENCIÓN COMUNITARIA	Non reunir os requisitos establecidos nas bases. A base sexta da convocatoria establece que "(...) As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2026 (...)"



26/231.2313.480.02	Vigo	G15545353	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL E APOIO NO EMPREGO DIRIXIDO A PERSOAS CUN PROBLEMA DE SAÚDE	Non reunir os requisitos establecidos nas bases. A base sexta da convocatoria establece que "(...) As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2026 (...)".
26/231.2313.480.02	Pontevedra	G28197564	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, AECC	SERVIZO PROVINCIAL DE TRANSPORTE E MONTAXE DE MATERIAL ORTOPROTÉSICO PARA PERSOAS CON ENF	Non reunir os requisitos establecidos nas bases. A base sexta da convocatoria establece que "(...) As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2026 (...)".
26/231.2313.480.02	Vigo	G15068091	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA	MEDIACIÓN PARA LA COMUNICACIÓN Y EL FOMENTO DE LA AUTONOMÍA PERSONAL DE PERSONAS SORDAS	Non reunir os requisitos establecidos nas bases. A base sexta da convocatoria establece que "(...) As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2026 (...)".
26/231.2313.480.02	Vigo	G15048762	ASOCIACIÓN DE COLABORACIÓN Y PROMOCIÓN DEL SORDO	ATENCIÓN INTEGRAL NA REHABILITACIÓN AUDITIVA II	Duplicidade



26/231.2313.480.02	Vigo	G27713379	FUNDACIÓN FAIBEN	APRENDER, INTEGRARSE E MEDRAR	Non acadar a puntuación mínima exixida na base décimo segunda.
26/231.2313.480.02	Lalín	G94129863	ASOCIACIÓN RAPACES/AS E AMIGOS/AS CON NECESIDADES ESPECIAIS	CRECER Y CONECTAR	Non acadar a puntuación mínima exixida na base décimo segunda.

4.37591.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DE VIAL EN CABEIRAS -FASE I". (Expte. 2026024856)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 31/03/2026, mediante rexistro WEB2026025951, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de ARBO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 120.375,75 euros, co obxecto do financiamento do investimento "MELLORA DE VIAL EN CABEIRAS-FASE I" (Expte.2026024856), cuxo orzamento ascende a 120.375,75 euros.

Deste modo, a petición do Concello de ARBO queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	120.375,75	120.375,75	0,00	0,00

- O concello emenda a documentación achegada inicialmente en datas posteriores.



- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- A devandita autorización, así como a resolución ou acordo de aprobación do proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerese polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 09/07/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de ARBO, CIF: P3600100F, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 120.375,75 €, co obxecto do financiamento da actuación "MELLORA DE VIAL EN CABEIRAS-FASE I" (Expte.2026024856), cuxo orzamento ascende a 120.375,75 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	120.375,75 €	120.375,75 €	- €	-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como a resolución ou acordo de aprobación do proxecto que figura no expediente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de ARBO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.37592.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A LAMA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORAS EN CATRO CAMIÑOS MUNICIPAIS EN BREIXIÑA, CORNIDE E O PESO, A LAMA". (Expte. 2026027491)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 06/04/2026, mediante rexistro WEB2026028751, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello da Lama na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 135.725,35 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Melloras en catro camiños municipais en Breixiña, Cornide e O Peso, A Lama*" (Expte.2026027491), cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026- 2027	Achegas doutros administracións	Fondos propios do Concello
2026	135.725,35 €	135.725,35 €	0,00 €	0,00 €



- O orzamento contempla execución de obra por importe 127.143,17 euros e honorarios técnicos por importe de 8.582,18 euros (4.450,02 euros de redacción de proxecto, 3.496,44 euros de dirección de obra e 635,72 euros de coordinación de seguridade e saúde).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 08/07/2026, e do xefe



do Servizo de Cooperación, de data 13/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade;

- Conceder ao Concello de A Lama (P3602500E), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 135.725,35 €, co obxecto do financiamento do investimento "*Melloras en catro camiños municipais en Breixiña, Cornide e O Peso, A Lama*" (Expte.2026027491), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutros administracións	Fondos propios do Concello
2026	135.725,35 €	135.725,35 €	0,00 €	0,00 €

- O orzamento contempla execución de obra por importe 127.143,17 euros e honorarios técnicos por importe de 8.582,18 euros (4.450,02 euros de redacción de proxecto, 3.496,44 euros de dirección de obra e 635,72 euros de coordinación de seguridade e saúde).
- A presente concesión de subvención queda condicionada ás resolucións favorables de Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Axencia Galega de Infraestruturas) e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, sendo imprescindible que se remitan xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A Lama, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.37593.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AS NEVES, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "REPAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE CERDEIRA E DO VISO EN BATALLÁNS". (Expte.2026039745)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en diante Plan + Provincia 2026-2027, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante a resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a asignación por liña correspondente a cada concello. Con todo, a disposición de crédito farase por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento recollido no Capítulo I (Liña 1- Investimentos).
- Con data 19/02/2026, a Deputación de Pontevedra e o Concello de As Neves formalizaron un convenio de colaboración para a execución do proxecto "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 4204 AS NEVES- ESTACIÓN ENTRE O P.Q 0+576 E PO P.Q 2+036". A cláusula terceira do devandito convenio establece que as obras serán financiadas por ambas administracións consonte a seguinte distribución:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	587.443,43€	80
Concello das Neves	146.860,86€	20
TOTAL OBRAS	734.304,29 €	100

Adicionalmente, o Concello asume o custo das expropiacións (12.003,71 euros), resultando un importe total de 746.308,00 euros.

- Con data 09/03/2026 (registro WEB2026017399), o Concello de As Neves presentou formalmente unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita unha subvención por importe de 158.864,57 euros para financiar a súa achega municipal (obras e expropiacións), comprometendo o gasto en dúas anualidades:

ANUALIDADES	CONCELLO DAS NEVES
2026	79.432,28€
2027	79.432,29€
	158.864,57 €



- Revisado o expediente, despréndese que, conforme aos termos do convenio asinado coa Deputación con data do 19/02/2026, a achega económica municipal debe realizarse integramente no exercicio 2026, polo que non resulta admisible a distribución da subvención por anualidades.
- Con data do 20/04/2026 comunicóuselle ao concello o rexeitamento da solicitude de subvención presentada e requiríuselle, consonte co disposto na base 15ª do Plan + Provincia 2026-2027, a presentación dunha nova solicitude.
- Con data do 13/05/2026 (registro WEB202641782), o Concello das Neves presenta unha nova solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita unha subvención por importe de 67.339,63 €, destinada ao financiamento da actuación denominada “Repavimentación dos camiños de Cerdeira e do Viso en Batalláns. As Neves” (Expte. 2026039745), cun orzamento total polo mesmo importe, desagregado do seguinte xeito: 61.289,63 euros correspondentes á execución por contrata; 2.541,00 euros para a redacción do proxecto; 2.420,00 euros para a asistencia técnica á dirección da obra; e 1.089,00 euros para o financiamento da coordinación de seguridade e saúde.
- En relación cos envíos das declaracións responsables á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) mediante o Sistema de Interconexión de Registros (SIR), consta no expediente o certificado expedido pola Secretaría do Concello con data 11/08/2026, no que se identifica individualmente cada envío, así como o seu número de registro e a súa data e hora de saída, facendo constar que ambas as declaracións figuran no sistema co estado “RECIBIDA”. Esta circunstancia proporciona constancia documental da recepción da documentación polo destinatario.
- Unha vez revisada a documentación achegada, constátase que a solicitude presentada cumpre os requisitos establecidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e incorpora a documentación prevista na base 29ª, contando, ademais, coa validación técnica favorable do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico, de data 09/07/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, da mesma data (rectificado con data 11/08/2026), que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de As NEVES, CIF: P3603400G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 67.339,63 euros, con destino ao financiamento do investimento "REPAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE CERDEIRA E DO VISO EN BATALLÁNS" (Expte. 2026039745). O orzamento total da actuación cífrase na mesma contía, desagregado do modo seguinte: 61.289,63 euros de obra civil; 2.541,00 euros de asistencia técnica á redacción do proxecto; 2.420,00 euros de dirección de obra e 1.089,00 euros para o financiamento da coordinación de seguridade e saúde.
- Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o concello achegue, xunto coa primeira xustificación da axuda económica, a comunicación da Confederación Hidrográfica



Miño-Sil en relación as declaracións responsables presentadas. De non existir, comunicación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, se achegará o informe do técnico municipal no que se faga constar o cumprimento do previsto nas propias declaracións responsables.

Deberá achegar, así mesmo, a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado a 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Notificar o presente acordo ao Concello de As Neves e darlle traslado á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.37594.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO". (Expte.2026024869)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 31/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026026061), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de SALVATERRA DE MIÑO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 258.895,52 euros, con destino ao financiamento "MELLORA DA CAPA



DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO", cun orzamento por importe de 258.895,52 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	258.895,52	258.895,52	0,00	0,00

O orzamento total contempla execución obra por importe de 250.476,15 euros, e a asistencia técnica á redacción do proxecto por importe de 8.419,37 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Deputación de Pontevedra, da Axencia Galega de Infraestruturas e da compañía eléctrica subministradora (EAM), contando co informe favorable da devandita compañía eléctrica.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/08/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 17/08/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de SALVATERRA DE MIÑO (P3605000C), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liñal-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 258.895,52 euros, co obxecto do financiamento do investimento "MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO" (Expte.2026024869), cuxo orzamento ascende a 258.895,52 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	258.895,52€	258.895,52€	0,00€	0,00€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 250.476,15 euros, e a asistencia técnica á redacción do proxecto por importe de 8.419,37 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra e da Axencia Galega de Infraestruturas.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SALVATERRA DE MIÑO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37595.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "SANEAMENTO NO LUGAR DE SARDADIÑAS, REBORDÁNS TUI". (Expte.2026027502)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 06/04/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026028885), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de TUI na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 71.937,40 euros, con destino ao financiamento "SANEAMENTO NO LUGAR DE SARDADIÑAS, REBORDÁNS_TUI", cun orzamento por importe de 71.937,40 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	71.937,40	71.937,40	0,00	0,00



Consta no expediente documento relativo á autorización dos titulares das 7 parcelas polas que discorre o colector de Sardadiñas en Rebordáns; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en materia de patrimonio cultural, Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico



das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 09/07/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 10/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de TUI (P3605500B), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 71.937,40 euros, co obxecto do financiamento do investimento "SANEAMENTO NO LUGAR DE SARDADIÑAS, REBORDÁNS_TUI" (Expte.2026027502), cuxo orzamento ascende a 71.937,40 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	71.937,40€	71.937,40€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en materia de patrimonio cultural, Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de TUI, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.37596.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE "PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES LALÍN 2026". (Expte.2026024896)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 31/03/2026, con rexistro núm. WEB2026026055, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Lalín na que solicita unha subvención por importe de 118.929,33 euros con destino ao financiamento de "*Festas de Lalín 2026*", cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 01/04/2026, con rexistro núm. WEB2026027035, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Lalín na que solicita unha subvención por importe de 92.070,61 euros con destino ao financiamento de "*Aldeas de Nadal 2026*", cun orzamento polo mesmo importe.
- A base 37ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 establece que a subvención que se solicite na subliña Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social debe solicitarse nun único expediente. Por tal motivo, o concello remite solicitude agrupada por importe de 210.999,94 euros para o financiamento de "*Programación de actividades Lalín 2026*" (Expte.2026024896), cun orzamento polo mesmo importe.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Festas de Lalín 2026	118.929,33 €	118.929,33 €
Aldeas de Nadal 2026	92.070,61 €	92.070,61 €
TOTAL	210.999,94 €	210.999,94 €



- O concello solicita o traspaso de 58.378,00 euros da liña 1-investmentos á liña 2. Ademais, remítese informe da interventora municipal de que o concello non ten gastos de exercicios pechados pendente de aprobación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 30/06/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/08/2026, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Lalín, NIF:P3602400H, a cantidade de 210.999,94 euros, con destino ao financiamento de "*Programación de actividades Lalín 2026*" (Expte.2026024896), cun orzamento polo mesmo importe, para financiar as seguintes actuacións:

	Orzamento	Subvención
Festas de Lalín 2026	118.929,33 €	118.929,33 €
Aldeas de Nadal 2026	92.070,61 €	92.070,61 €
TOTAL	210.999,94 €	210.999,94 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de



prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Lalín, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

10.37597.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (Expte. 2026005736)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº1 do 02/01/2026.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2026, punto núm. 10.36220, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Salvaterra de Miño, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO					
Nº traballadore s	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
16	3 mozos/as de recollida de lixo e 1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 1 varredor/a, 2 oficiais albaneis, 1 técnico/a de turismo, 1 condutor/a, 1 fontaneiro/a e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 2 peóns forestais e 1 varredor/a en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	233.267,05 €	233.267,05 €	0,00 €	233.267,05 €



- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026064626, do 13/08/2026, logo de diversas correccións do escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2026059678, do 20/07/2026, solicita reformular a solicitude inicial como consecuencia de axustar os custos e as duracións das contratacións inicialmente previstas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2026.

CONCLUSIÓN:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de axustar os custos e as duracións das contratacións inicialmente previstas, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e da subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
16	3 mozos/as de recollida de lixo e 1 condutor/a a xornada completa durante 7,57 meses; 2 oficiais albaneis, 1 condutor/a, 1 técnico/a de turismo e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 7,57 meses; 1 peón forestal en xornada de 35 h./sem. durante 7,1 meses; 1 fontaneiro/a, 1 peón forestal e 2 varredores/as en xornada de 35 h./sem. durante 6,8 meses e 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	201.858,03 €	201.858,03 €	0,00 €	201.858,03 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 7EFP7QX4IIXSHIHK) e da dilixencia de Intervención (CSV: NTJI9O0VQ77JZK4T), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. MODIFICAR o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 13 de marzo de 2026, punto núm. 10.36220, no referente á subvención concedida ó Concello de Salvaterra de Miño, CIF núm. P3605000C, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salvaterra de Miño (P3605000C)	16	3 mozos/as de recollida de lixo e 1 condutor/a a xornada completa durante 7,57 meses; 2 oficiais albaneis, 1 condutor/a, 1 técnico/a de turismo e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 7,57 meses; 1 peón forestal en xornada de 35 h./sem. durante 7,1 meses; 1 fontaneiro/a, 1 peón forestal e 2 varredores/as en xornada de 35 h./sem. durante 6,8 meses e 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	201.858,03 €

2. DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



11.37598.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA MEDIANTE REPOSICIÓN DO FIRME E A SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA E.P. 3102 TOMIÑO-SABARÍS, DENDE O P.Q. 10+400 AO P.Q. 19+667. CONCELLOS DE TOMIÑO, GONDOMAR E BAIONA. (Expte. 2025071504)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona".

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/05/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 TomiñoSabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que a Xefa da Sección de Seguridade Viaria, Dona María Belén Pampín Camino e o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 4 de agosto de 2026, emitiron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	19,00	3,00	22,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	16,00	3,00	19,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	14,00	3,00	17,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe conxunto da Xefa da Sección de Seguridade Viaria, Dona María Belén Pampín Camino e do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 4 de agosto de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona".

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 06/08/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.



Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	502.768,38 €	3,00%	36 MESES	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	516.182,10 €	3,00%	36 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	528.884,08 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	501.016,38 €	3,00%	36 MESES	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001	
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	26,22	5,00	5,00	5,00	41,22
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,46	5,00	5,00	5,00	33,46
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	10,97	5,00	5,00	5,00	25,97
NAROM, S.L.	27,23	5,00	5,00	5,00	42,23



Resultando.- Que posteriormente a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	22,00	41,22	63,22
2	NAROM, S.L.	17,00	42,23	59,23
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,00	33,46	52,46
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	25,97	47,97

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona" á empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U. (B36258861), por un importe de 608.349,74 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa, CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U. (B36258861) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 27.374,95 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 19/08/2026 con número de operación 12026000174745.



Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa Aquatica Ingeniería Civil, S.L., o Lote 3 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propúxose na providencia de inicio do expediente, á empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona", por un importe estimado de 5.036,20 € IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) NJMTYSHZS67IMVJ6 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025071504, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000010815.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U. (B36258861), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona", por un importe de 608.349,74 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	502.768,38 €
IVE (21%)	105.581,36 €
Importe Total.....	608.349,74 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025071504.

2. Nomear directora de obra a Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
3. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona", por un importe de 5.036,20 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	4.162,15 €
IVE (21%)	874,05 €
Importe Total.....	5.036,20 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025081942.

12.37599.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DA SEDE DE VIGO E DO SERVIZO DE TURISMO. (Expte.2026002381)

Vista a proposta de adxudicación acordada pola Mesa de Contratación, na súa sesión do día 13 de agosto de 2026, respecto ao procedemento aberto seguido para a contratación do Servizo de seguridade e vixilancia da Sede de Vigo e do Servizo de Turismo. A Mesa propón a exclusión no lote num. 2, da empresa Innovative Security Concept S.L. (CIF: B90320912), por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinada en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (cláusula 9.1 PCAP).

No mesmo acto, clasifica por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, (en diante, LCSP) proceda á adxudicación dos dous lotes do contrato a favor da empresa Eulen Seguridad, S.A. (CIF: A28369395), polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes.



Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de maio de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de seguridade e vixilancia da Sede de Vigo e do Servizo de Turismo*”, cos seguintes lotes:

- Lote 1: Sede de Vigo
- Lote 2: Turismo Rías Baixas

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 5 de xuño de 2026, sendo publicado o día 8 de xuño de 2026 (Número de publicación do anuncio 390332-2026; número da edición do DO S: 108/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08 de xuño de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares.

Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 9 de xullo de 2026, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, sendo admitidas as seguintes:

Lote	Denominación	Empresas admitidas
Lote 1	Sede de Vigo	1. Alcor Seguridade, S.L. (CIF: B27382175) 2. Eulen Seguridade, S.A. (CIF: A28369395) 3. Innovative Security Concept, S.L. (CIF: B90320912) 4. Salzillo Seguridade, S.A. (CIF: A73100638) 5. Servicios SPR Vilanova, S.L. (CIF: B36597276)
Lote 2	Turismo Rías Baixas	1. Eulen Seguridade, S.A. (CIF: A28369395) 2. Innovative Security Concept, S.L. (CIF: B90320912) 3. Salzillo Seguridade, S.A. (CIF: A73100638)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar a dita documentación ao persoal técnico da Unidade de Control e Vixilancia (Lote 1), e do servizo de Turismo Rías Baixas (Lote 2) para a súa valoración.



Resultando que, con data 13 de xullo de 2026, respecto do lote 2, e con data 6 de agosto de 2026, respecto do lote 1, emítense os correspondentes informes de valoración cos códigos CSV:

Lote	Denominación	CÓDIGO CSV
Lote 1	Sede de Vigo	AQJKQXEI37V2ITO9
Lote 2	Turismo Rías Baixas	ZBBIX0D8QO9I1QN4

Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 6 de agosto de 2026, prestou conformidade ás puntuacións acadadas nos referidos informes, e procedeu á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas.

Resultando que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 13 de agosto de 2026, comproba que a empresa Eulen Seguridad, S.A. (CIF: A28369395), proposta como adxudicataria, atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 1248, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2026006662, de 17 de agosto de 2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require á empresa Eulen Seguridad, S.A. (CIF: A28369395) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando que a empresa Eulen Seguridad, S.A. (CIF: A28369395) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2026065478, de data 20 de agosto de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polos importes de 1.737,66 € (Lote 1) e 9.211,93 € (Lote 2); cartas de pago núm. de operación 12026000175658 e 12026000175659, respectivamente, do 20 de agosto de 2026.

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento de contratación, no lote num. 2 á empresa Innovative Security Concept S.L. (CIF: B90320912), por non acadar a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima prevista para os criterios avaliados mediante xuízos de valor, de conformidade coa cláusula 9.1 do PCAP, ao obter unha puntuación de 16 puntos sobre un máximo de 35 puntos.

2. Adxudicar o contrato de "*Servizo de seguridade e vixilancia da Sede de Vigo e do Servizo de Turismo*" á empresa Eulen Seguridad, S.A. (CIF: A28369395), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Lote 1

1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):

Importe sen o IVE:	34.753,11 €
IVE (21%):	7.298,15 €
Importe total ofertado:	42.051,26 €

2. Servizos extraordinarios. Porcentaxe de baixa única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 9,73%.

3. Plan de formación continua. A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas.

Lote 2

1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):

Importe sen o IVE:	184.238,55 €
IVE (21%):	38.690,09 €
Importe total ofertado:	222.928,64 €



2. Servizos extraordinarios. Porcentaxe de baixa única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 6,37%

3. Plan de formación continua. A empresa licitadora oferta 10 horas adicionais de formación presencial con realización de prácticas.

Duración do contrato: O prazo de duración dos contratos correspondentes a cada un dos lotes será de 1 ano desde a data de formalización ou desde a data que se indique no contrato. Establécese a posibilidade de tres prórrogas anuais.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para financiarse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	LOTE	CENTRO	Aplicación orzamentaria	Importe servizos ordinarios (con IVE)	Importe máximo servizos extraordinarios (con IVE)
2026 (3 meses)	LOTE 1	Sede de Vigo	920.9200.227.01	10.512,82 €	1.051,28 €
	LOTE 2	Palacete das Mendoza	433.4320.227.01	25.686,85 €	2.568,69 €
		Castelo Soutomaior	433.3360.227.01	28.951,78 €	2.895,18 €
		Castelo Sobroso	433.3363.227.01	1.093,53 €	109,36 €
2027 (9 meses)	LOTE 1	Sede de Vigo	920.9200.227.01	31.538,45 €	3.153,84 €
	LOTE 2	Palacete das Mendoza	433.4320.227.01	77.060,55 €	7.706,06 €
		Castelo Soutomaior	433.3360.227.01	86.855,35 €	8.685,53 €
		Castelo Sobroso	433.3363.227.01	3.280,59 €	328,06 €

Os importes correspondentes ao exercicio 2027 quedarán condicionados a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

O citado financiamento reaxustarase no momento da formalización do contrato conforme ao exercicio orzamentario anual.

Forma de pagamento: PARCIAL



Fitos de facturación:

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada polo responsable do contrato designado pola Deputación de Pontevedra, con periodicidade mensual.

Os importes a facturar mensualmente polas respectivas empresas adxudicatarias dos lotes adxudicados serán:

a) Para o servizo regular, o importe resultante de dividir o prezo de adxudicación do lote correspondente entre 12 meses (período de duración do contrato).

Lote 2:

O importe a facturar mensualmente distribuirase en 3 facturas diferentes:

- Palacete das Mendoza: imputaráselle o 46,09% do importe mensual a facturar.
- Castelo de Soutomaior: imputaráselle o 51,95% do importe mensual a facturar.
- Castelo de Sobroso: imputaráselle o 1,96% do importe mensual a facturar.

b) No caso de que, durante o período facturado, executáranse horas de servizos extraordinarios, a cantidade resultante de multiplicar o prezo/hora ofertado polo número de horas adicionais solicitadas pola Deputación de Pontevedra e efectivamente executadas pola empresa adxudicataria durante o período mensual facturado. Neste caso, realizarase unha factura independente da emitida para o servizo regular.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Lote 1: Sede de Vigo

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026002381	
Órgano xestor:	LA0006126	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 2: Turismo Rías Baixas

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026002381	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a empresa adxudicataria debe presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsables dos contratos:

- Lote 1: Xefatura da Unidade de Control e Vixilancia ou persoa na que delegue
- Lote 2: Responsable do Servizo de Turismo ou persoa na que delegue.

3. A empresa adxudicataria deberá formalizar os contratos en documentos administrativos, que se porán a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



13.37600.- INVITACIÓN A PRESENTAR PROPOSICIÓN AO PROCEDIMENTO RESTRINXIDO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE CREATIVIDADE E LANZAMENTO DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS". (Expte. 2025073287)

Resultando.- Que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do día 26 de xuño de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento restrinxido, do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas.

Resultando.- Que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación que se enviou para publicar no Diario Oficial da Unión Europea con data 30 de xuño de 2026, resultando publicado o día 01 de xullo de 2026 (Anuncio 2026/S 124-2026); así como no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01 de xullo de 2026. Asemade, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento restrinxido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na sesión do día 6 de agosto de 2026, procedeu á desenscriptación e descarga da documentación das solicitudes de participación, presentadas polas seguintes empresas ó devandito procedemento:

- ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045)
- EXIT LAPERA, S.L. (NIF: B10545796)
- MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185)
- OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L. (NIF: B57614141)
- TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097)

A continuación, procedeu ao exame e avaliación da documentación achegada polas empresas licitadoras xunto coa súa solicitude de participación no procedemento restrinxido, contemplada na cláusula 7.d) do prego de cláusulas económico-administrativas, co obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos de aptitude e solvencia exixidos nos pregos que rexen a devandita contratación.

Como resultado, detectouse que as solicitudes de participación das empresas EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097) presentaban defectos de carácter emendable entre a documentación achegada, o que impedía a acreditación do cumprimento das condicións exixidas para a súa admisión e permanencia no presente procedemento.



En consecuencia, a Mesa de Contratación acordou admitir ás empresas ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045) e OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L. (NIF: B57614141), por cumprir as súas solicitudes de participación os requisitos establecidos nos pregos que rexen a contratación; e facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requirise ás empresas EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097) para a emenda das mesmas, mediante a achega da documentación correspondente.

Resultando.- Que con data 10 de agosto de 2026, mediante os rexistros de saída NOT2026021871, NOT2026021872 e NOT2026021874 efectuáronse os correspondentes requirimentos ás empresas anteriormente sinaladas para a emenda da documentación acreditativa da solvencia, sendo atendidos mediante os rexistros de entrada WEB2026063960, de data 10 de agosto de 2026; WEB2026064406 e WEB2026064426, de data 12 de agosto de 2026; WEB2026064613, de data 13 de agosto de 2026 e WEB2026064713, de data 14 de agosto de 2026.

Resultando.- Que, unha vez analizada a documentación presentada polas empresas requiridas, con data 19 de agosto de 2026 e CSV: LRMAJ4309Y7DN04L, o servizo de Contratación emitiu informe, sinalando o seguinte:

“ (...)

- *A documentación presentada pola empresa EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796) é suficiente para pasar á seguinte fase da licitación, ao acreditar a capacidade e solvencia esixidas, mediante a achega da relación dos principais servizos realizados debidamente asinada e dos certificados acreditativos dos servizos prestados.*
- *A documentación presentada pola empresa MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) é suficiente para pasar á seguinte fase da licitación, ao acreditar a capacidade e solvencia esixidas, mediante a achega dunha declaración responsable da empresa asinada, acompañada das facturas correspondentes aos servizos prestados.*
- *A documentación presentada pola empresa TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097) é suficiente para pasar á seguinte fase da licitación, ao acreditar a capacidade e solvencia esixidas, mediante a achega do modelo 390 da AEAT, correspondente ao exercicio 2025, así como de declaracións responsables da empresa, acompañadas das facturas correspondentes aos servizos prestados.*

(...)

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na sesión do día 20 de agosto de 2026, procedeu á cualificación da documentación acreditativa da personalidade e solvencia das empresas que presentaron solicitude de participación ao presente procedemento restrinxido e, en base ao contido no informe anteriormente referenciado, acordou admitir ás empresas EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097), ao considerar acreditado o cumprimento dos requisitos de



capacidade e solvencia establecidos nos pregos que rexen a contratación; e convidar as empresas admitidas a presentar proposición no procedemento.

Considerando.- Que, de conformidade co previsto no artigo 162.4 LCSP, unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, o órgano de contratación convidará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións no prazo que proceda.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta ao Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª. 2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Invitar ás empresas ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045), OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L. (NIF: B57614141), EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097) a presentar proposición para optar á adxudicación do contrato relativo ao *"servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas"*.

2.- Dispoñer a apertura do período de presentación de proposicións, concedendo un prazo para a presentación de ofertas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 25 días naturais, contados a partir da data do envío da invitación.

14.37601.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. (B62758602), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO DE CABINAS UNITY DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (Expte. 2022015363) (Devogaran 2026062921)

Por acordo, número 16.31972, adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria, de data 15 de xullo de 2022 (CSV.- 38UJF6YVV91R57UI), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra de *"Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de CABINAS UNITY da Deputación de Pontevedra"*. (Expte.2022009455).



Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. (CIF.- B-62758602), *“Na actualidade RICOH SPAIN IT SERVICES S.L (NIF: B66068081)”*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
IPM, S.L. (B-62.758.602)	4.799,50€	2022000141363	07/07/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV.- Y87L5EIDQI7WBYIO), no cal sinala que *“(...) , este servizo informa que, o devandito contrato foi cumprido satisfactoriamente na súa totalidade con estrita suxeición ao prego de condicións económico-administrativas e ao de prescricións técnicas, sen que se observaran irregularidades imputables ao contratista durante o prazo de garantía do mesmo. Por todo o exposto, non existe inconveniente algún en que se proceda a tramitar a devolución da garantía. (...)”*.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 2PZ6WC4GLDR5YPIW), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B-62.758.602) *“Na actualidade RICOH SPAIN IT SERVICES S.L (NIF: B66068081)”*, dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobado a liquidación do contrato que regulou a obra de *“Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de CABINAS UNITY da Deputación de Pontevedra”* (Expte. 2022009455), sen que existan obrigas pendentes.



SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. (CIF.- B-62.758.602) “Na actualidade RICOH SPAIN IT SERVICES S.L (CIF.- B-66.068.081)”, por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval emitido pola entidade CaixaBank, S.A., con N.I.F. A08663619 “Aval inscrito no REA nº 9340.03.2525045-82”, por importe de catro mil setecentos noventa e nove euros con cincuenta céntimos (4.799,50 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 07/07/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 120240000030637, (*Carta de Pago número 202200141363*).

15.37602.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA EEI DE LANTAÑO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO PROGRAMA VIVE O RURAL 2026. (Exptes. 2025081517/ 2025060881)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno núm. 2.35763, adoptado na súa sesión ordinaria do 14 de novembro de 2025, apróbase a convocatoria do programa “Vive o Rural” 2026. As bases reguladoras publicáronse no BOPPO núm. 225, do 24 de novembro de 2025, así como na BDNS.

Segundo. A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 6 de marzo de 2026, adoptou, entre outros, o acordo núm. 13.36174 de concesión de subvencións a centros educativos e anpas do programa “Vive o Rural” 2026, no que se concede unha subvención por importe de 440,00 € á EEI de Lantaño (NIF: Q8655338E) para a realización dunha visita á granxa escola Serantellos, na que participarían un total de 11 alumnas/os.

Terceiro. Con data 26 de xuño de 2026, núm. de rexistro WEB2026052985, Susana Espiño Brey (NIF: ***8187**), en representación da EEI de Lantaño, presenta escrito de renuncia á subvención concedida de importe de 440,00 €, debido ao peche da escola infantil, que implicará tamén a cancelación da conta bancaria asociada ao centro escolar.

Cuarto. O 29 de xuño de 2026 a xefatura do Servizo de Xuventude e Reto demográfico emite informe proposta de aceptación da renuncia e solicita a fiscalización do expediente á Intervención.

Quinto. Con data 3 de agosto de 2026, Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe proposta da xefatura do Servizo de Xuventude e Reto demográfico.



De acordo có exposto, e ao amparo do establecido no artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

I.- Aceptar a renuncia presentada pola EEI de Lantaño á subvención concedida por importe de 440,00 € ao abeiro do programa “Vive o Rural” 2026.

II.- Notificar o presente acordo á entidade interesada, nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

16.37603.- APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DA RELACIÓN DE ENTIDADES BENEFICIARIAS E DA LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA + CONVIVENCIA 2026. (Expte. 2025079075)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2026, aprobou as Bases reguladoras do programa “+ CONVIVENCIA” para o ano 2026 publicadas no BOPPO nº 28, de 11 de febreiro de 2026. O prazo de solicitudes de participación no programa abarcou do 12 de febreiro ao 11 de marzo de 2026.

Segundo.- En Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30 abril de 2026, acordo número 7.36988, aprobouse a relación definitiva das entidades presentadas, das entidades excluídas, das entidades admitidas con concesión de subvención e das entidades admitidas en lista de agarda do Programa “+ CONVIVENCIA”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 250, así como a relación de entidades en lista de agarda un total de 124.

O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 84 e na páxina web, o 6 de maio de 2026. Os Anexos das entidades adxudicatarias e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: LV2RKOJWR64IVFOJ e AVYHTDDSSFXTTYI, respectivamente.

Terceiro.- En Xunta de Goberno do 24 de xullo de 2026 na súa sesión ordinaria adoptou o acordo núm. 36.37461 no que aprobou a aceptación de 4 renuncias e 4 novas adxudicacións da lista de agarda.



Renuncias aceptadas polas entidades:

- Asociación de Veciños Minas da Brea (NIF G36502839).
- Coral San Telmo de Tui (NIF G94132487).
- Asociación Mulleres Rurais Santa Lucía de Arco (NIF G365 47479)
- Asociación Amas de Casa Muíños do Vento (NIF G36461648).

Adxudicacións ás entidades:

- Asociación de Veciños Pouso-Carril (NIF G94183563).
- Asociación Cultural San Nicolás de Prado (NIF G36034452).
- Asociación de Veciños O Campo-Marín (NIF G36163186).
- Asociación Amigos de la Música de Salceda de Caselas (NIF G36123313).

Cuarto.- En Xunta de Goberno do 31 de xullo de 2026 na súa sesión ordinaria adoptou o acordo núm. 27.37493 no que aprobou a aceptación de 2 renuncias e 2 novas adxudicacións da lista de agarda.

Renuncias aceptadas polas entidades:

- ASOCIACIÓN TDAH SALNÉS (NIF G36502839).
- ASOC. VECIÑAL E CULTURAL DE CACHEIRO (NIF G72455249).

Adxudicacións ás entidades:

- ASOCIACIÓN CULTURAL E SOCIAL SOUTELO (NIF G36179828).
- ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS "A CANDELARIA" (NIF G36171023).

Quinto.- Con data 30 de xullo de 2026, a xefa do Servizo de Benestar Social emite informe proposta no que solicita a fiscalización da aceptación da renuncia da entidade ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILA GALICIA con NIF G36745065 (Expte. 2026014868) e a adxudicación a seguinte entidade da lista de agarda que é o CENTRO CULTURAL DE XINZO con NIF G36177178 (Expte.2026017753). No mesmo informe se solicita a aceptación do desestimento presentado pola ASOC. DE NAIS E PAIS DIOMEDES con NIF G36029924 (Expte. 2026008100) que non foi adxudicataria, pero presenta través de instancia xenérica desestimento ao programa. Este desestimento a día de hoxe non produce efectos administrativos, sen prexuízo de que ao estar na lista de agarda no posto 19, pode producilos no futuro.

Sexto.- Con data 11 de agosto de 2026, a xefa do Servizo de Benestar Social emite informe proposta no que solicita a fiscalización da aceptación da renuncia da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL A FORNA con NIF G36210383 (expediente 2026009384) e a adxudicación a seguinte entidade da lista de agarda que é a ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A CHANCIÑA, con NIF G36327062, e número de expediente 2026017756.



Sétimo.- Con data 14 de agosto de 2026, a Intervención emitiu dilixencia de fiscalización e conformidade (CSV: G9X3URI7ZC4ODVUX) respecto das propostas de aceptación das dúas renuncias, do desestimento, e da adxudicación das subvencións ás dúas primeiras entidades da lista de agarda así como a actualización da relación de entidades beneficiarias e da correspondente lista de agarda.

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido. da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2026.
- Bases do programa + CONVIVENCIA 2026.

Á vista dos antecedentes expostos e dos informes que constan no expediente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar as renuncias á subvención concedida, presentadas polas seguintes entidades:

- ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILA GALICIA, con NIF G36745065.
- ASOCIACION CULTURAL A FORNA, con NIF G36210383.

Segundo.- Aceptar o desestimento presentado pola seguinte entidade:

- ASOC. DE NAIS E PAIS DIOMEDES, con NIF G36029924.

Terceiro.- Adxudicar as subvencións liberadas, de conformidade coa orde de prelación da lista de agarda, ás seguintes entidades:

- CENTRO CULTURAL DE XINZO, con NIF G36177178.
- ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A CHANCIÑA, con NIF G36327062.

Cuarto.- Aprobar a actualización da relación de entidades beneficiarias con concesión de subvención, segundo consta no documento con CSV: UQJ3WE2MRGP0Q2FE.

Quinto.- Aprobar a actualización da lista de agarda, segundo consta no documento con CSV: UKZBIQHOPGLSLLVL.

Sexto.- Notificar o presente acordo ás entidades interesadas.



17.37604.- COMUNICACIÓNS: non houbo

18. 37605.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo

19. 37606.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

